

Fragmentos inéditos de *Home sen nome*¹

SUSO DE TORO

(PARA A PARTE DO FINAL DO LIBRO)

– E se cadra podías ti escribir unha novela con todo iso, todas esas calamidades e miserias que che contei (ou que che contou, segundo o que fala sexa o Vello ou Nano). Un libro cos mortos todos. Como o libro dos mortos dos exipcios.

– Non teño interese en escribir novelas. As novelas son todas de tese, contan unha historia malamente e de modo aburrido porque os que de verdade quere o autor é mostrarnos a súa visión da vida, a súa opinión.

– Así que novelas, non. Ti de literatura, nada. Quero dicir de escribir para publicar en libros.

– Non é iso. Eu gusto das historias, os escritores debemos dar historias e nada máis, non debemos ter complexo ante os filósofos. Unha historia ten máis sentido, máis poder, que os discursos do autor sobre isto ou sobre aquilo. Ou sexa, que para min a historia de calquera persoa encerra misterio.

– Iso é o que di sempre a xente, “coa miña vida escribíase unha novela”. E non é certo, son vidas sen valor. Os que teñen unha historia digna de ser contada están mortos, os que están vivos é porque non viviron de vez.

– E logo a vida de vostede cre que non da para varias historias cheas de misterio.

– A miña vida foi so unha historia. Non é como agora que a xente cambia de traballo, cambia de esposa, cambia de lugar... Eu aínda que andei de aquí para alá vivín unha soa vida. Pero non hai nada que contar, non foi vida tampouco. Non houbo vida. Foron todo sombras.

(OUTRO ANACO)

– Todo iso da rebelión contra Deus e todo iso parécemelle tan vello. Cousa doutro tempo. Eu qué

quere que lle diga. Está mal que o diga eu, que son escritora, pero élle todo tan literario... Como se fose unha ópera. Claro, o Don Giovanni.

– Non, xa, vexo que levas razón. Eu xa debía estar morto hai tempo, son doutro tempo.

– É que esa maneira de vivir a relixión, de vivir a vida toda. Desa forma tan trágica, xa ninguén a vive así. Iso da para facer alta literatura, ou deus, pero xa está fóra de época. Nin os cristiáns crentes que van a misa os domingos viven a vida así.

– Entón ti, que es escritora, qué literatura escribes? Trapalladas? Aínda que un sexa ateo hai que ter unha relixión. Aínda que non acredites en que existe un deus hai que ter algunha relixión.

– Hai moita xente que cre vagamente...

– Ti, que es escritora, non podes dicir parvadas así. Nin sequera se trata de creer. Eu acredito en que estou contra Deus, son eu quen crea a Deus para destruílo. E que me importa se o hai ou non o hai? Se non o houbese teríao creado eu coa miña enerxía. Son quen a crear a Deus. Porque son. Non é acreditar, ter crenza ningunha. É ser. Ser un. E para ser precisas unha vida trágica, a vida que só cha da a relixión.

– E os que non temos relixión logo?

– Sodes nada. Sen relixión sodes nada, non sodes. Contra quen sodes? Contra ninguén. Contra nada.

– As relixións son máis cousas que algo contra o que rebelarse. A relixión tamén pode ser un modo de reencontrarse co mundo.

– Ai, ben sei do que me falas. Oín falar de Heidegger, o filósofo. Cando estiven na Alemaña non o coñecín. Eu estaba en Berlín. Pero, mira, neniña, daquela ti tés algunha relixión? Baptizaches á túa filla?

– Non bapticei. Inscíbina no rexistro civil, e xa.

– E non ves que estás perdida? Non tés relixión ningunha. E aínda que quixeras tela, facerte budis

¹ Presentamos dous borradores que, finalmente, non foron inseridos no texto final da recente novela *Home sen nome* (Xerais, 2006), do recoñecido escritor Suso de Toro. Ambos os dous anacos son parte dunha conversa entre o Vello protagonista e un personaxe secundario, Celia (que xa aparecera en *Trece Badaladas*). Como verá o lector na paréntese, por ser un borrador, o autor aínda non tiña decidido se a primeira conversa era con Celia ou con Nano.

ta, non podes. Cada relixión é para cada raza, a raza que a crea. E aínda que quixeras facerte doutra relixión, cambiar de raza, a relixión non che deixa. Cada un ten de rezarlle ao que é seu.

– Daquela, señor que tanto sabe, eu teño de ser católica, non é?

– Cristiana. De preferencia, católica. É a dos teus pais. E ademais o catolicismo ten todos os ritos que ordenan e conducen a vida de un. Eu son un católico, e xuro cada día pola mañá. E ti nin tés a ninguén contra quen xurar. Nin tampouco tés un camiño deses para religarte co mundo como dis. A túa vida non ten xeito, non ten forma. Que literatura has contar ti?

– Literatura para xente coma min.

– Nunca a traxedia.

– Se a vida ten de ser terribel para que os escritores podamos escribir traxedia...Prefiro que non o sexa.

– Se cadra levas razón. Pero entón, se queres ter unha vida cómoda é mellor que non sexas escritora. Busca outro traballo, cría a esa filla. E non te atormentes.

– Eu non entendo a vida desa maneira, como persoa. Mais, como escritora, vexo que hai vidas terribes, que a vida é terribel moitas veces. E iso permíteme contar esas historias. Gustaría contar a súa.

– Non.

– Cambiando os nomes...

– Non. Iso si que non. Tesmo de prometer, promete que non contarás isto. Non quero que se poña por escrito. Quero que se desvaneza no ar algún día, cando eu me desvaneza. Non quero que dure máis.

– Vale, prométollo.

– E de que me val a min a túa promesa. Se non tés nada polo que xurar.

– Xúrollo pola miña filla. Non debín dicir isto.

– Moi ben. Así que a túa filla é o teu deus. É o que veneras. Moi ben. E que pasaría se a túa filla adoecese, unha enfermidade incurábel? Leucemia. Que farías ti?

– Buscaría axuda médica, toda a que puidese.

– Vale, e agora xa cha miraron ben e está desafiada, dinche que lle quedan dous días de vida. Que fas?

– Non fago nada. Estar con ela. Qué cousas me fai pensar tamén...É vostede máis retorcido que un escritor.

– E non rezas? Non rezarías?

– Pode ser. Non sei.

– Vin morrer moitos homes, de moitas maneiras. Tiñaos case sempre diante miña cando morrían, de perto e ollando para min. Podería facer un libro contando o que experimentei, as cousas que aprendín. E tamén vin morrer nais e fillos. E sei moi ben que, nesa situación, ti rezarías. Rezarías a quen fose, a calquera. E ofrecerías facer cousas a cambio. Ofreceríaste ti mesma.

– Seguramente. Ten razón.

– E non ves? Hai que ter alguén a quen rezar cando chega esa hora. Hai un momento que a todos vos chega no que esquecedes as parvadas que tedes na cabeza e queredes pór os xoellos na terra e baixar a cabeciña. Entón chorades e pedides xemendo. Esa é a hora da verdade. Aí é que cando abrides os ollos de vez. Coñézovos ben aos humanos.

– E logo vostede non é humano? Vostede nunca rezou, nunca pregou, en tanta vida que leva vivido?

– Nunca. Nunca. Ése son eu. Xa cho dixen. Eu son o que nunca se dobrou. Para min non hai absolución dos meus pecados. E non haberá redención. Se me axoello ninguén me tenderá a man paternal para axudarme a erguer. Se agora caese ninguén me acollería nos seus brazos. Agora, cando á fin marche, cando me liberes, ninguén agardará por min alá. Para min non haberá o colo da Madonna da Pietá. Nin celestial morada.

– Pero é se non fose precisa a absolución de pecado ningún para entrar nun ceo que non existe? E se non existise o pecado?

– Pobriña. Mísera. Unha vida sen pecado é a vida máis ruín e mísera. É unha vida sen salvación tampouco. Non é unha vida, é unha condena. Parece mentira que chegue o ceo até min a través dunha forma tan mundana, tan profana.